


O FARELO

nº 29

XUÑO '09
SEGUNDA ETAPA

REVISTA DE HUMOR QUE RABEA POR PENEIRAR

e como arranxamos o asunto do



LEITE FRANCÉS?

martirena



ECONOMÍA AGRIPADA



SEN COMENTARIOS



simanca




e ti que?

se fas viñetas, caricaturas, tiras cómicas, banda deseñada...

O FARELO ofréceche un espazo para darte a coñecer

envíanos os teus traballos a farelo@apeneira.com



MIHAIL IGNAT (RUMANÍA), GRAN PREMIO.

A mirada do XI Portocartoon

POR FRANCISCO PUÑAL SUÁREZ

Cincocentos humoristas de setenta países con preto de dous mil debuxos participaron na onzena edición do Concurso Mundial de *Portocartoon*, que organiza o Museo da Imprenta, do Porto, Portugal, que dirixe Luís Humberto Marcos.

Brasil foi o país con máis participantes -máis de 50 caricaturistas, con preto de 200 debuxos- seguido de Irán, Turquía, Rumanía, Portugal e China.

O tema escollido para esta edición foi a crise, dada a situación mundial que sofre a humanidade, polo desenfreno, descontrol e a esencia mesma do sistema económico e político imperante.

O debuxante Mihail Ignat de Rumanía obtivo o Gran Premio do *XI PortoCartoon*, mentres que o segundo premio foi atribuído a Augusto Cid, de Portugal, e o terceiro gañouno Zygmunt Zaradkiewicz, de Polonia. O xurado internacional, dada a elevada calidade das caricaturas presentadas, outorgou once mencións de honra.

O *PortoCartoon* está considerado como un dos tres principais festivais de deseño humorístico do mundo, o que coloca a Portugal no podio dos concursos internacionais de caricatura.

Pola proximidade da cidade portuguesa do Porto a Galicia, os amantes galegos do humor e o debuxo satírico, poderán asistir ás instalacións do Museo da Imprenta, a partir de xuño, durante as festas de San Juan do Porto, cando quedará inaugurada a exposición do *XI PortoCartoon*.



AUGUSTO CID (PORTUGAL), SEGUNDO PREMIO.



ZYGMUNT ZARADKIEWICZ (POLONIA), TERCEIRO PREMIO.

Un caricaturista de boa raza

POR FRANCISCO PUÑAL SUÁREZ

"Aos caricaturistas correspóndenos, aínda que non en exclusiva, dar forma a esa necesidade natural do ser humano de chegar a coñecer aos seus semellantes máis aló das aparencias", expresa o debuxante asturiano Javier Carbajo Alfonso (1971), que acaba de gañar na quinta edición do *World Press Cartoon*, de Sintra, Portugal, o segundo premio en caricatura persoal, coa súa obra dedicada ao presidente francés Nicolás Sarkozy.

"Sabía que a miña aposta era atrevida no formal pero comprobei que o criterio do xurado é amplo e ben formado. Se decidín enviar a caricatura de Sarkozy e non outra, foi pola súa dimensión internacional (hai que recoñecerlle que é ubicuo) e pola súa personalidade histriónica, que ao mesmo tempo é unha garantía e un desafío" -engade.

Ao preguntarlle sobre como o caricaturista pode captar a "alma" do retratado, expresa: "Esa dificultade dá sentido a este traballo, aínda que corroboro que é duro chegar ao obxectivo de retratar nunha soa imaxe os diferentes rexistros de cada persoa. Eu empezo o meu labor por facer provisión de fotografías do personaxe, cantas máis e de máis calidade mellor, seleccionar entre elas as máis apropiadas e estudalas. A caricatura definitiva non debe apoiarse nunha soa foto; correríamos o risco de retratar a foto en vez do personaxe. En canto á execución propia xa da caricatura, un fai diversos debuxos, aínda que salga un válido ao principio. Trátase agora de seguir estudando ao personaxe pero de maneira práctica, ensaiando solucións gráficas, atrevéndose sempre que sexa posible. Até a voz do personaxe ofrece moita información e axuda na súa caracterización! O resultado definitivo debería ser fiel ao carácter do modelo pero tamén ao carácter e intención do retratista".

Graduado en Belas Artes na Universidade de Barcelona, Javier Carbajo reparte a súa produción en tres áreas: ilustración xuvenil, ilustración editorial e humor gráfico. O seu traballo como caricaturista pódese ver no *Jueves*, na sección *Teletipo* que realiza xunto ao escritor Pepe Colubi e noutras publicacións como *Rolling Stone* ou *Cine-mania*.

Ao observar as caricaturas persoais realizadas por Javier Carbajo recoñecemos un estilo, unha mirada incisiva e orixinal, un debuxo e unha liña excepcionais que ratifican que estamos ante un debuxante de boa raza.




A GRIPE AAAAAAH!!!...



...E A CRISE DE SEMPRE...





felix_ronda

An advertisement for 'A Peneira' magazine. It features a network cable on the left, a computer mouse in the center, and the magazine logo on the right. The logo includes the text 'dixital A Peneira' and 'CORRAL GALEGO DE INFORMACIÓN XERAL'. Below the network cable is the website address 'www.apeneira.com'. The signature 'XOR' is visible on the right side of the advertisement.

Valo dos laios

guisa e napo



E QUE PASA COAS GALESCOLAS...?

